

# NUESTRAS MADRES

César Díaz, 2019

# 643

ESTREA EN NUMAX: 21.02.2020 | V.O. | +12

*Nuestras madres* (2019, 78')

**Dirección:** César Díaz

**Guión:** César Díaz

**Elenco:** Armando Espitia, Emma Dib, Aurelia Caal, Julio Serrano Echeverría, Victor Moreira

**Son:** Gilles Benardeau

**Música:** Rémi Boubal

**Fotografía:** Virginie Surdej

**Montaxe:** Damien Maestruggi

**Dirección de arte:** Pierre Abadie, Natalia Alzate

**Vestuario:** Beatriz Lantán

**Produtora:** Perspective Films (Guatemala),

Need Productions (Bélxica)

**Distribuidora:** Alfa Pictures

**Formato de proxección:** DCP2K, 2.35:1

**Idioma orixinal:** Español

## PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2019 (Caméra d'Or), Donostia 2019 (Premio Cooperación Española)

## FILMOGRAFÍA

*Territorio liberado*, 2014 [curtametraxe]

*Semillas de Ceniza*, 2010 [curtametraxe]

## SINOPSE

Guatemala, ano 2018. O país enteiro está pendente do xuízo a aqueles soldados que deron inicio á Guerra Civil, onde as declaracións das vítimas se expoñen unha detrás da outra. Ernesto, un mozo antropólogo que traballa para a Fundación Forense, dedícase a identificar aqueles que desapareceron durante o conflito bélico. Un día, mentres escoita o relato dunha anciá, cre ter atopado unha pista que podería guíalo até o seu pai, un guerrilleiro que tamén desapareceu naquel período. Contra os desexos da súa nai, entregarase en corpo e alma ao caso para descubrir a verdade.

«Exquisita ópera prima, só precisa 78 minutos para estar perfecta. César Díaz, un nome que convirá lembrar por moito tempo»

Carlos Loureda, FOTOGRAMAS



## “Sen as mulleres que gravamos, o país derrubaríase”

**Entrevista con César Díaz**

Por Aurore Engelen

**Como xorde o proxecto?** Eu buscaba localizacións para un documental nunha cidade onde se produciu un masacre durante a guerra civil. As mulleres da cidade axiña se puxeron a falar, creouse un ambiente moi íntimo ao redor de acontecementos moi dramáticos. Iso conmoveume. Ademais, quería contar unha historia máis persoal, que me interesaba moito: a relación entre unha nai e o seu fillo, a procura do pai; e aí é onde nace a película. Eu tiña dous temas que debían cohabitar, e tiven que atopar un equilibrio, facer vivir e evolucionar estas dúas tramas narrativas ao mesmo tempo.

**Ernesto e a súa nai, que afrontan a identificación do pai desaparecido de Ernesto, pretenden representar a Historia?** Eu quería partir do individuo, da intimidade, para abordar un tema máis grande, máis universal. Necesitabamos que o espectador conectase emocionalmente; eu non quería facer unha clase de historia. Quería un argumento humano e de personaxes. Ao principio, quería traballar con actores amateurs. Pero despois comprendín que esta película necesitaba un verdadeiro traballo actoral. Eran eles os que ían traer a ficción. Ademais, quería presentar como un documento esta historia baseada nun feito real, que ocorreu na mesma cidade onde gravamos. A miña directora de fotografía e eu preguntámonos moitas veces como gravar

as fosas comúns, os corpos ou a osamenta. Fixemos varias probas e decidimos evitar todo o que fose demasiado estético, non era xusto coa nosa historia, co noso punto de vista. Esta reflexión sobre a forma de articular o «documento» histórico e a ficción estaba permanentemente sobre a mesa. Tiñamos moita responsabilidade, pois trátase dunha historia compartida por moitas persoas en Guatemala. Tentei non victimizar as mulleres que gravamos e que coñeceron estas atrocidades. Evitar todo discurso paternalista e restituír o seu status de heroínas. Estas mulleres permaneceron de pé. Están mudas por unha forza de vida increíble.

**Elas son as gardiás da memoria?** Si, e son elas as que aínda sosteñen o tecido social do país. Elas tamén transmiten o saber. Sen elas, o país derrubaríase.

**Ernesto, ao reconstruír os esqueletos dos combatentes desaparecidos, contribúe a escribir a historia. Como gravaches eses planos tan memorábeis do principio e do final da película?**

Fixen moitas localizacións no Instituto Médico Legal para comprender o proceso científico. E cada vez que os vía colgar os cranios, os esqueletos parecían cobrar vida, coma se xurdise a persoa. Eu quería transmitir esa sensación gravando a operación desde arriba. Devolverlle a identidade aos mortos permite ás familias empezar o seu proceso de dó e seguir adiante. Tamén serve para dicir que non morreron por nada, aínda que pasaran 40 anos. Non se coñece o xenocidio guatemalteco pero si se coñecen as ditaduras chilena, argentina... Con todo, houbo 200.000 mortos e 45.000 desaparecidos, e o mundo ignórao.

Por que? Porque eran indios. Hai que rehumanizar as vítimas. Unha vez que nos matamos uns a outros, que facemos cos nosos mortos? Como curamos as nosas feridas? Quédanos traballo por facer en canto a memoria. Para reparar o país, temos que empezar polas persoas.

**Como traballaches cos actores?**

Traballamos moito sobre a relación nai-fillo. Tentamos reconstruír o seu pasado e as elipses do guión. De súpeto, cando empezaba unha escena, xa sabíamos onde estaban os personaxes. Armando Espitia e Emma Dib achegaron moito e souberon crear unha conexión inmediata. Ás veces, tiña a impresión de que os meus personaxes vivían sós, sen min.

**É complicado gravar unha película en Guatemala?** É complicado en canto á seguridade. É un país moi violento.

Estabamos acompañados pola policía e protexidos por seguridade privada. Politicamente non recibimos comentarios, pero o guión non circulou, e ademais era unha produción franco belga. Dito isto, como non había unha estrutura a nivel cinematográfico, tiven certa liberdade. Ademais, o equipo, que viña de Francia, Bélxica, México e Guatemala, conseguiu establecer unha linguaxe común.

Publicada en <https://cineuropa.org>  
Tradución: Olalla Cociña Lozano

**O director**

César Díaz (Guatemala-Stad, 1978). Tras estudar en México e Bélxica, integra o taller de guión de La Fémis en París. Debutou como director co documental *Semillas de Ceniza* (2010), para posteriormente dirixir *Territorio liberado* (2014). O seu primeiro traballo de ficción, *Nuestras madres* (2019), foi a cinta gañadora da semana da crítica en Cannes en 2019.

## NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)



## MARTA XA TEN O SEU ABONO PROTEXE

E ti, a que  
agardas para  
abonarte?



Se ti xa es de NUMAX  
e queres compartilo,  
fai unha foto co teu  
abono e compártea.

#eusondennumax